

~~1º/98~~  
~~Felix Vergas~~

### ELEXIA EN TEMPO DE ANTRÓIDO.

(In memoriam Alvaro Cunqueiro).

"Tristura da morte que vai  
do Outono ó Entroido por Santos e o Nadal".  
Uxío Novoneyra.

#### I.

Os que amámo-las túas cousas senlleiras, mestre de amor,  
non ouvímo-las comparsas pregoando o Antroido  
nen ollámo-las roseiras da primavera,  
pois chegounos a hora de chorarte a bágoa tendida  
e tocounos facer de pranteiras  
debruzados nas fiestras do 28 de febreiro,  
víspora dun Domingo Corredoiro vestido de loito e tristura.

Xa pasaran dous días do Xoves de Comadres, foi o Sábado á ma-  
cando sentimos tanxe-la Paula tristemente, /fanciña,  
coas mesmas badaladas con que tanxera outrora:  
na morte do mariscal Pardo de Cela.

Entón decatámonos da túa partida cara o reino da luz,  
soubemos que xa non te achabas connosco  
pra pasarmos xuntos o Martes Lardeiro  
mankando a cachucha e os chourizos novos,  
as filloas enmeladas e as orellas de frade  
molladas con viño da millor uva.

Non sairemos iste ano ás rúas nem ás estradas  
a mallarmos nos cigarróns algareiros,

a botarmos farelo na faciana das rapazas,  
porque nos faltas ti, Alvaro, humor segrel,  
cántiga nova que se chama ribeira.

Perdémeste pra sempre. Xa non temos lugar  
prá ledicia nen prá rexouba,  
!e parece mentira que a túa ausencia  
manque tanto en tempo de troula  
e que o Enterro da Sardiña sexa o teu propio enterro!

## II.

"... temprano levantó la muerte el vuelo,  
temprano madrugó la madrugada..."

Miguel Hernández.

Alvaro de Mondoñedo, mozo inxel e lizgairo,  
amigo, compañeiro dos paxaros abrenticios,  
!que cediño te marchaches a fecer fábulas  
prós anxos!

Seitureiro de sorrisos, corazón de pantrigo e orballeira,  
¿por que a túa ialma inzada de soños esgrevios  
arelaba tripa-llos vieiros do Além  
calzada en zocos de pradairo noviño?

!Ouh, díñolo, díñolo, díñolo hoxe! Gardarémosche  
o segredo baixo chave, calados coma penedos mastinos.

Deixáchesnos sós, a fita-llos biosbardos,  
aquei Sábado de Antroido á mañanciña,  
sós e desamparados ficamos aquel lumbrigar  
sen a túa compañía mimosa e gasalleira.

Fuches estrela, lúa chea e raiolante,  
nas escuras noites do inverno frío,

pan e viño fuches  
nos tépedos días da seitura longa.

!Cantas veces vimos en ti ó vello Simbad disfrazado,  
convertido en home bon e xeneroso: carballo barudo  
a nos dar sombra e coballo!

Ó traveso  
dos teus ollos, poboados de mencerex e luaradas,  
albiscábase unha moitedume de meniños  
a xogar ás bolas no paraíso da infancia primeira  
e fugaz.

!Cantas veces a túa presencia escorrentou a noite  
de xunta nós, alonxou a tristura cen leguas á redonda,  
e trocouse nunha gargallada do mago Merlin  
a nos convertir en alegres pompas de xabréon  
rubindo

e baixando polas encostas de Galicia!

Tíña-la pureza dos xilgaros cantores,  
de xilgaros e avelaiñas estaban as túas maus  
acuguladas. Quedamente falabas entre soño e sombra,  
e as túas palabras lembraban un mar distante,  
un enorme mar cheo de sireas e tesouros novos  
e vellos.

!Señor, Señor -pregamos acotío-, ampáranos  
á súa veira per sécula seculorum, mantén  
aceso o lume máxico do seu peito!; mais Deus  
non quixo escoita-lo noso prego, por iso  
te arrincou do chao e levoute á súa mau dereita  
deixándono-la túa voz espida pra nos consolar,  
deixando o teu corazón de pantrigo e orballeira  
a marca-las páxinas do noso libro cotiano.

Non volveremos ser amigos da chuvia febreiríña,  
pousada xa pra sempre nas túas palpebras,  
a che pecha-los ollos dende aquel abrente,  
amigos seremos da xente de aquí e de acolá  
porque ven e vai ó longo dos camiños  
levando parolas túas na frol dos beizos núsos.

Dagora en diante falarémosche en lembranza,  
amando tódalas cousas coma se foran túas somentes,  
pra terte mais vivo cá nunca no corazón e na memoria  
e facernos donos dise facho acendido na lonxanza:  
ardente ronsel que deixou a tua dorna  
ó partir cara o reino da luz eterna.

—oo—

Lema: OSA MAIOR.